



O IES MARTAGUISELA DO BARCO DE VALDEORRAS COAS MULLERES COMpositoras DA HISTORIA

Seguindo coas actividades de conmemoración do Día Internacional da Muller, 8 de marzo, levouse a cabo dende o departamento de Música en colaboración co Plan Proxecta *Por 365 días de respecto e igualdade* e a Biblioteca escolar unha exposición de fotografías de mulleres compositoras e intérpretes non sempre recoñecidas e mesmo esquecidas na Historia da Música.

Baixo o lema *Mulleres compositoras*, o alumnado de 1º de bacharelato buscou información sobre mulleres compositoras de diferentes séculos e países. Unha vez recollida esta información fíxose unha exposición na biblioteca con diferentes retratos. Cada un deles levaba unha numeración que facía referencia á biografía e á obra de cada unha delas. A misión do alumnado era ir coñecendoas e situándoas, por fin, no tempo e no espazo dunha Historia da Música da que non todas formaron partes por ser mulleres.

Tratábase de ofrecerlle ao alumnado a posibilidade de coñecer e achegarse, para dignificar e significar na historia da música, ás mulleres que permaneceron na sombra a causa de tantos condicionamentos sociais en contra da súa tarefa como mulleres e compositoras ou intérpretes.







